

PEZA DO MES

abril

2015



BIBLIA SACRA
SÉCULO XVI

XUNTA DE GALICIA



«A Biblia: historia dunha tradución»

Preámbulo

A palabra biblia provén do grego *βιβλίων*, que significa *libro*, o que veremos corresponde coa realidade. Ademais, e isto é importante, o valor dunha obra, sobre todo no mundo globalizado e plurilingüe no que nos atopamos, vese no seu número de traducións, e esta obra é a máis traducida. Hai múltiples razóns: como libro de historia, de oración ou de poesía de meditación (salmos). É dicir, moitas facianas para un só libro. Denomináremolo un volume facticio; unha encadernación por fóra con varios libros por dentro. A importancia da tradución da Biblia ao grego é enorme, e supón o transvasamento dunha lingua semítica a unha indoeuropea. É a Biblia do xudaísmo helenístico e máis tarde a do cristianismo nacente. Foi en Alexandría e no seu museo (*μουσειόν*), no que formaba parte da biblioteca, onde se fai a tradución por un grupo de filólogos, literatos, escribas, etc.. a que se denominará dos LXX ou *Septuaginta*, cuxo texto se publicará por primeira vez no postincunable *Políglota Complutense* (con textos na parte superior en latín, da *Vulgata*, en grego e arameo, e na inferior co *Tragum de Onquelos*, traducido do hebreo) e con impresións en papel e pergameo. Levada a cabo polo cardeal Cisneros entre 1514 e 1517, cun equipo de especialistas en

linguas orientais e impresores con tipos para estas. Ademais, houbo que recompilar en Sicilia e Grecia manuscritos latinos e gregos para poder facer a edición e estudo desta.

Na antigüidade, e segundo a tradición do xudaísmo rabínico (s. I d. C.) foi o profeta Esdras, o que ao regreso dos xudeus a Xerusalén, comprobou que a biblioteca do Antigo Testamento fora destruída polos caldeos, e foi el, segundo conta S. Isidoro, quen «*lo organizó todo en veintidós libros*». Estamos ante un libro de «Historia» (con maiúsculas) que nos fala da fe de todo un pobo, tantas veces traducido, como interpretado e máis destruído. Pero, e pese a todo, máis de 3000 anos despois, o *libro*, aínda o temos entre nós. Como soporte, primeiro empregáronse rolos de papiro, nos cales, si había unha obra completa, denominábanse *ἀμιγείς*. Incluso na biblioteca de Alexandría había unha tradución do Antigo Testamento. A Biblia contén pasaxes de destrución de libros, como o do profeta Xeremías quen lle ditou a súas palabras a Baruc, que á súa vez llo levou a Xudí, e este, entregoullo ao rei, quen o queimou. Na Biblia de Alexandría había unha tradución ao grego da *Toráh* ou *Pentateuco*, por iniciativa dos Ptolomeos. Pero para o pobo de Israel hai unha predisposición especial ao texto bíblico, e isto foi o que o preservou durante séculos. En Galicia, a Biblia chega coa cristianización, (non debemos esquecer que na IRG, hai algunha inscrición en Lugo do nome

dunha muller grega), e son estas comunidades as portadoras dela. O mesmo ocorre en Mérida. Aínda que a lingua oficial do imperio era o latín, a que usaba o pobo, sobre todo na parte oriental, era o grego (*κοινή*). As primeiras referencias documentais, datan da época do emperador Cosntantino, quen lle encarga ao bispo Eusebio de Cesarea, trinta exemplares do citado libro. Xa para a Hispania baixo Roma, dánolas Valerio del Bierzo, no 650, na súa carta sobre a vida de Exeria, (ca. 380), autora da *Peregrinatio ad Loca Sancta*. Esta fai testemuño de dúas biblias, a que hai no seu mosteiro e outra que leva con ela. Exeria fará nesta obra cen referencias entre o Antigo e Novo Testamento. O texto de Exeria copiarase ao longo da idade media, e S. Rosendo terao en Celanova e Caaveiro. Curiosamente, este relato perieético, de Exeria, vai asociado a outro libro, a *biblioteca* ou *bibliotheca*, non como espazo, senón como conxunto de libros, é dicir a Biblia, e así figura nos cartularios de Celanova, Samos, Sobrado, San Pedro de Montes, etc... Da plena idade media consérvanse dúas biblias miniadas na Biblioteca Universitaria de Santiago, dos séculos XIII e XIV, e ambas comezan coa carta de S. Xerome. Xa no século XVI, aparece nas constitucións de Mondoñedo do bispo Caxa, entre as lecturas recomendadas ao clero «*también la Biblia, ningún cura debe estar sin ella*». É neste século cando se denomina *vulgata* á edición da *Biblia Latina*, que se configurara na época de Carlomagno. ¿Cando nace a *Biblia Latina*? É a mediados do s. III cando o grego se deixa de usar como lingua oficial no occidente do imperio e por isto os cristiáns deixan a Biblia grega e comezan a utilizar versións latinas traducidas. No s. IV a *Vetus Latina* contén versións africana, italiana e hispánica. Un orixinal sempre grego, vertido ao latín de cada comunidade. Xerome será o que con traballo filolóxico, e co seu concepto do canon e o valor hebreo, revise os libros do Antigo Testamento e os Evanxeos. Traduce os *Hexaplas* de Orígenes (*πολύ-γλωσσος* a primeira «*políglota*»), e é a base do texto da Biblia de Alcuino e a que todos coñecemos como *Vulgata*, a do Papa Sixto en 1592. A partir do s. V, a *Vetus Latina* entra en decadencia e consérvase en palimpsestos (Catedral e S. Isidoro de León). A partir do s. VII cópanse manuscritos mais non hai ningunha completa. A de León ten notas marxinais. O Psalterio móstranos a riqueza de ritos europeos: romano, milanés e mozárabe.

A Biblia de 1581.

A Biblia do Museo Arqueolóxico obxecto deste traballo, trátase dunha edición de León de 1581,

que nos mostra a gran tradición editorial no país galo. Non debemos de esquecer que o primeiro libro impreso en Francia é de 1470, na Sorbonne, a Biblia de V. Gering. Sucédennle o *Novo Testamento* de Bartolomé Boyer, e a de 1487 en París de Jean de Rély.

A Biblia de 1581, lévanos ao mercado internacional do libro do século XVI, unindo Medina del Campo e Salamanca, con León. A primeira era un centro lanar e bibliográfico, e importaba de Thiers papel e naipes. A través do río Loira ían as mercadorías ata Nantes e dende aquí a Bilbao. O impresor Guillaume Rouillé estaba casado dende 1542, con Magdalena de Portonaris (da familia que posuía a Compañía de Libreiros de Salamanca), o que facilita a chegada a esta cidade do libro galo. Con Rouillé, instalouse Pierre Escrich, gravador e tallista parisiense, quen no seu día traballou con Bernard Salomon en León, cidade libre e tolerante. Salomon fixo *Quadrins historiques de la Bible*, ilustracións que acompañan ao texto, que nos mostra o cristianismo reformista daquela cidade francesa. Esta obra publicouna Jean de Tournes en 1561. Trala morte de Salomon os gravadores agrúpanse con Escrich á cabeza, no taller de Rouillé, e trataron de imitar a Salomon. Tan ben o fixeron que é moi difícil saber cal é dunha man ou doutra. En total hai 269 para o Antigo Testamento e 175 para o Novo, todas xilografías. O texto vai a dúas columnas, con notas marxinais, belas cabeceiras e iniciais xilografiadas. A portada leva dous atlantes e o título en gofrado. A profesora Marta de la Mano na súa tese de doutoramento reconstruíu as rutas libreiras, con moito detalle dende León a Medina e Salamanca. As características bibliográficas que contén a Biblia que hoxe analizamos son: primeiramente, a data de 1581, permítenos comprobar que é unha reedición da de 1563, a cal se inspiraba nos *Quadrins*, de Salomon; ten un privilexio de Carlos IX, firmado en Blois en 1572 prohibindo imprimir outra Biblia que non sexa esta, autorizando só a Rouillio, *Bibliopola*. É pois un impresor de Biblias, e esta do 1581 é anterior a que o Papa Sixto V editará no 1590. O exemplar está incompleto. Fáltanlle algúns gravados, ao igual que o groso das conservadas en España, debido á obra da Inquisición. Conta, este exemplar cunhas notas manuscritas. É pois un elo singular, dentro da historia do libro, esta de 1581, que dende León nos leva a Nantes, Medina do Campo, Salamanca e Ourense, poñendo en contacto os temas das Compañías de Libreiros, relacións comerciais, de impresores, transportistas, libreiros...e ao final de lectores e as súas lecturas do século XVI.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Justo Carnicero Méndez-Aguirre


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA
DE GALICIA